



- ... son cancións moi grandes. Vai unha gallegada pequena.

VI 1490e

A miña muller morreume,
a miña muller morreume,
enterreina no palleiro,
e deixeille un brazo fóra
e deixeille un brazo fóra
pra que tocará o pandeiro.

VI 1494b

A miña muller morreume,
a miña muller morreume
i enterreina pola casa
e deixeille un ollo fóra
e deixeille un ollo fóra
pra que sepa o que pasa.

VI 1486b

A miña muller é vella,
a miña muller é vella
de vella non pare fillos,
heina poñer de estancón,
heina poñer de estancón
nunha figueira de figos.

- Hai outra... Mira, agora as que están apuntadas hai que deixalas.

IV 940d

Se souperas, Maruxiña,
laralaralá...
de que romería veño
mírame, Maruxiña,
mírame como veño.

Veño da Santa Lilaina,
laralaralá...
da Santa Lilaina veño,
mira, Maruxiña,
mírame como veño.

Traigo unha cabeza rota
laralaralá...
cosida cun hilo negro,
mira, Maruxiña,
mira como veño.



Traigoche unha borrachera,
laralaralá...
de viño que non me teño,
mira, Maruxiña,
mira como veño.